

## Redes



Juan L. Blanco Valdés

Editor y escritor

RESULTA QUE UN FULANO botou varios meses en Proxecto Home para desengancharse de... Facebook! Non, non é cofía, lino hai unhas semanas no xornal, e, ao mellor, vostede tamén. Polo visto, o tipo chegou a facer un fundido entre a súa vida real e a vida finxida do seu perfil na rede social, de xeito que esta comezou, util, arteiramente, a suplantar aquela. Vítima, ao cabo, dunha atroz esquizofrenia tecnolóxica, chegou a establecer unha relación de dependencia tan umbilical co móvil que, durante os meses que durou o enganche, a súa existencia comezaba e remataba na impecablemente puída superficie negra do seu smart-

phone, coas esperables consecuencias, supón, sobre as súas relacións persoais de verdade. De feito, responsables do propio Proxecto Home, ata hai ben pouco especializados en afastar as persoas do alcol, do haxís, do perico e do cabalo, veñen alertando con insistencia no terrible perigo que sobre todo para os adolescentes representan WhatsApp e Facebook, novas formas de adicción psicolóxica que poden levar a gravísimos trastornos nas formas normais de interrelación social.

Formas normais de interrelación social? Estaría ben definir isto, hoxe en día. Non é xa o normal relacionárnos a través do

celular ou o portátil? O outro día, nun banco, a amable empregada que me atendeu espetaume como primeira providencia que a operación que eu viña de solicitarlle «pode facela vostede cómodamente na nosa banca on-line». Sorprendinme a mi mesmo respostándolle: «Prefiro facela aquí, cun ser humano, con vostede». A cousa soaba a torpe intento de ligue, reconézoo, e avermelleime, creeo. Pero, no fondo, o meu subconsciente estaba rebelándose contra a ditadura dos monitores como territorio preferente das nosas vidas. Hoxe, cando un (eu incluído) contempla unha unha fermosa catedral ou un cadro de Vermeer, antes de deixarnos

seducir pola sublime maxia da propia contemplación, tiramos de móbil, facemos unha foto e a compartimos a toda leite en Facebook, botándonos ao demo se non temos cobertura.

Hai que vivir, claro, cos tempos e de nada serve converterse nun melancólico patolóxico do pasado e, moito menos, nun cara reaccionario da modernidade. Pero confésolle que teño saudades de tempos más sinxelos, e talvez más auténticos, en que «chatear» era tomar un viño cos amigos, «navegar» ir en vapor ás illas Cíes, «perfil» poñer a cara de lado e «redes» unha vila mariñeira, ben linda por certo, na ría de Ares.

SÁBADO  
18 DE MARZO DE 2017

EL CORREO GALLEGO

TENDENCIAS | 37

# Premios ós proxectos “sensatos e atentos á paisaxe e á tradición”

## Viviendas en Galeras Entrerriós, en Santiago

**COOPERATIVA** Premio ex aequo en el área de Vivienda para una de Cabanas, obra de Fernando Martínez López y Miguel Carballido Pensado, y para la Cooperativa de Galeras Entrerriós, de Santiago (foto), de Manuel Carbajo Capeáns y Celso Barrios Ceide.




## Miradoiro da Pedra da Rá, en Riveira

**DISEÑO** En el apartado dedicado al Diseño Urbano / Espacios Abiertos, ha sido premiado el Miradoiro de Pedra da Rá, situado en el Monte Castro, Riveira, obra de la imaginación y el trabajo de adaptacion al entorno natural hecho por el equipo de Carlos Seoane.



## Área de actividades marineras en Ousesende, Outes

**EQUIPAMIENTOS** En dicha categoría se ha distinguido la construcción del centro de actividades mariñeiras de Ousesende, Outes (foto), de Alfonso Salgado Suárez y Francisco Xabier Liñares Túñez; ex aequo con la reforma del centro docente-Down Pedralonga, de Pedralonga s/n. A Coruña.



**VICENTE PLAZA**  
Ourense

O Colexio de Arquitectos de Galicia celebrou onte a Gala da XVII edición dos Premios do Colexio de Arquitectos -Premios COAG-, onde se concederon as distincións ás mellores obras arquitectónicas e urbanísticas de Galicia.

O acto celebrouse no Teatro Principal de Ourense e consistiu nun recoñecemento a todos os profesionais que participaron nos proxectos premiados. O evento contou coa colaboración de Blancoquintas, Aislux Galicia, Obras y servicios Gómez Crespo, Lledó, Otis, Cortizo, Cristalería Ramos e Gas Natural Galicia.

Esta gala, presentada polo actor e humorista galego David Amor, converteuse nunha reunión social de todos os representantes da arquitectura galega e contou coa asistencia dun amplo grupo de personalidades do ámbito político e cultural de Galicia.

No seu discurso, o decano do Colexio de Arquitectos de Galicia e presidente do xurado, Antonio Marañón, salientou que os premios COAG son o evento idóneo para poñer de relevo o traballo dos arquitectos ante a sociedade galega e reclamar a oportunidade “de facer aquilo para o que estamos preparados coma ningún”.

“A arquitectura é un sector que representa o 10 % do PIB de España, pero non é só construcción, é tamén cultura. O construído, nun país de paisaxe humanizado, é o feito diferencial de Galicia. A paisaxe non existe se non ten un observador”, sinalou.

Pola súa parte, o vogal de Cultura do colexio, Cristóbal Crespo, explicou que as obras participantes nesta edición dos premios son arquitecturas “sensatas, económicas na forma e nos

materiais, atentas á paisaxe e á tradición, pero decididamente proxectadas cara o futuro e feitas desde a convicción, o oficio e o sacrificio”, e pouco teñen que ver cos discursos dominantes nos medios de comunicación que se centran na burbuilla do ladrillo, arquitectura espectáculo ou o irritante topicazo do feísimo. “Este de hoxe é un acto da gran cultura galega do século XXI”, afirmou.

Os membros do xurado sinalaron a “gran calidade” das propostas, a “excelencia” das premiadas e a importancia de todas as participantes nesta convocatoria dos premios, e de que ningunha pode ser considerada “irrelevante ou mediocre”.

O premio especial á traxectoria profesional, entregado polo arquitecto de O Carballiño Manolo Gallego Jorret, foi para Xosé Xavier Suances Pereiro (Ourense, 1932), en recoñecemento ao seu exercicio profesional e con motivo da súa dilatada experiencia como colexiado.

Os galardóns de vivenda foron para unha vivenda unifamiliar illada en Cabvanas, de Fernando Martínez López e Miguel Carballido Pensado, e para a Cooperativa de vivendas Galeras Entrerriós en Santiago, de Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrios Ceide. Tamén foi premiada a rehabilitación da Casa da Viña de Allariz, por Seara Peleteiro Arquitectos.

En capítulo de deseño urbano Miradoiro de Pedra da Rá, Riveira, de Carlos Seoane, levou o principal recoñecemento, e tamén a reforma do despacho de heladería da rúa Alférez Barrero de Baiona, realizada por Faustino Patiño Cambreiro e Juan Ignacio Prieto López e Andrea Fernández Fernández, ademáis doutros galardóns otorgados na gala de onte.

## El 33 % de los menores de cinco años padece caries

**Madrid.** La caries afecta al 33 por ciento de los niños menores de cinco años en España, porcentaje que asciende al 40 por ciento en los menores de 15 años, al 95 por ciento en los adultos a partir de 30 años y al cien por cien en los ancianos, según ha informado el Consejo General de Dentistas con motivo de la celebración, este lunes, del Día Mundial de la Salud Bucodental, que este año lleva por lema *Boca sana y sabia toda la vida*.

“La boca no es una cuestión de estética, sino de salud y hay que hacer todo lo posible por salvaguardar la salud bucodental. Por ello, además de concienciar a los ciudadanos, pedimos a las autoridades sanitarias que entiendan que es uno de los pilares fundamentales de la salud y que tienen que implantar estrategias para dar prioridad a la salud bucodental”, ha argumentado sobre ello el presidente de la organización, Óscar Castro Reino.

En este sentido, el experto ha realizado un repaso sobre la salud bucodental en las cinco etapas de la vida: el embarazo, infancia, adolescencia, etapa adulta y vejez. Así, ha recordado la importancia que tiene tener una dentición y sana y funcional antes y durante el embarazo.

Sin embargo, y pese a que es conocida la necesidad de mantener una correcta higiene dental en la gestación, el 63 por ciento de las embarazadas suelen padecer gingivitis, el 4,5 % tienen hipertrofia gingival gravídica y el 20 por ciento bolsas periodontales moderadas o severas. E.P.